

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 22 de maio de 2019, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa e técnica presentada polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento para os equipos Cisco Unified Computing System (UCS) da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2019003128).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 15 de abril de 2019, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de soporte e mantemento para os equipos Cisco Unified Computing System (UCS) da Deputación de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 30 de abril de 2019. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas rectificadas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Presidente e o Secretario da Mesa de Contratación acceden á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante xuízos de valor presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa e a documentación técnica, a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- ECONOCOM SERVICIOS, S.A. (C.I.F.- A-28816379).
 - INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (C.I.F.- B-62758602).
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Novas Tecnoloxías, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a vinte e dous de maio de dous mil dezanove.